



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

As festiñas do Nadal-e
son festiñas de alegrhía
naciú o rei celestial-e
fillo da Virgen María.

Tascadoras do meu liño
dádelle máis unha volta
/: polo que queda no forno
a vós non vos importa :/

A doniña desta casa
i a mailo dono tamén-he
boten esta xente fóra
que lle acaba co que ten-he.

Déchesme un vaso de viño
en señal de matrimonio
o viño bébelo ti
casar contigo non podo.

Tascadoras do meu liño
dádelle máis unha volta
polo que queda no forno
rapazas non vos importe.

O moíño que eu moio
tamén moi unha señora
bótalle gran Maruxiña
bótalle gran que non roia.

- Había aquí unha que cantaba moi ben nas tascas e nas fías e botou unha, tocando na pandeireta, pero é moi fea, muller.
- Pero non importa. A ver como é.



Carallo que non quixeches
foder aquela señora
mira que virgho perdeches
tócate o carallo aghora.

- Está moi fea si.
- Por eso che digho que...

Non te cases cun ferreiro
que che queiman as muxicas
cásate cun carpinteiro
que fai huchas bonitas.

Tascadoras do meu liño
dádelle máis unha volta
polo que queda no forno
rapazas que non vos importe.

- Pero hai outras máis bonitas.

Teño un amor carpinteiro
que traballa como quere
quixo facer un arado
e saliulle unha muller-e

O zapato quer a media
i a media quere o zapato
a nena que é bonita
tamén quere o amor ghuapo.